

INFORME SOBRE A “ENQUISA PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS” (CURSO 2022/2023)

Obxectivo

A dirección da Facultade de Química ten asumido o compromiso de mellora continua mediante o Sistema de Garantía Interna da Calidade. Unha das accións de mellora propostas para o curso 2022/2023 é coñecer o grao de satisfacción co traballo desenvolvido e propostas de formación do Persoal de Administración e Servizos.

Os grupos de interese implicados no desenvolvemento dos títulos do centro seguen a demandar apoio e formación a nivel didáctico e pedagóxico, no emprego de novas tecnoloxías e en prevención de riscos.

Desenvolvemento

No [protocolo de enquisas](#) da Facultade de Química para o curso 2022/23 propoñíase unha enquisa de satisfacción para o persoal de administración e servizos do centro, a realizar no mes de novembro de 2022.


No marco do [plan estratéxico](#) esta enquisa está relacionada cos obxectivos estratéxicos OE2-01 (Desenvolver os programas de formación de persoal pertinentes) e OE6-03 (Axilizar os procedementos de xestión e prestación de servizos).

A enquisa, que se recolleu virtualmente (Survey Monkeys), constaba de 7 preguntas e realizouse do 17 ao 30 de novembro de 2022, contando coa participación de 14 PAS.

Análise de resultados


A porcentaxe global de participación na enquisa foi do 61% (14 PAS sobre un total de 23). A continuación recóllense os resultados obtidos das respostas e comentarios ás diferentes preguntas propostas.

1. A primeira pregunta era sobre a información dispoñible sobre a xestión e desenvolvemento do Centro para realizar as súas funcións. A distribución dos resultados obtidos na enquisa pódese ver a continuación:




Como se pode observar a nota media da satisfacción sería de 4,1 (escala de 1 a 5). Só hai tres comentarios sen nada que destacar.

2. A segunda pregunta estaba relacionada coa comunicación cos responsables académicos do Centro. A distribución dos resultados obtidos na enquisa móstrase a continuación:




A nota media da satisfacción sería de 4,4 (escala de 1 a 5).

3. A terceira pregunta estaba relacionada coa relación co PDI do Centro. A distribución dos resultados obtidos na enquisa pódese ver a continuación:




A nota media da satisfacción sería de 4,4 (escala de 1 a 5).

4. A cuarta pregunta estaba relacionada coa relación co alumnado do Centro. A distribución dos resultados obtidos na enquisa pódese ver a continuación:




A nota media da satisfacción sería de 4,0 (escala de 1 a 5). Nesta pregunta existen dous comentarios en relación coa pouca ou nula relación co alumnado polo tipo de posto de traballo e incluso hai unha persoa que non contesta debido a isto.

5. A quinta pregunta estaba relacionada coa coordinación existente entre as unidades administrativas do Centro. A distribución dos resultados obtidos na enquisa pódese ver a continuación:




A nota media da satisfacción sería de 3,9 (escala de 1 a 5). Neste punto só hai dous comentarios, sendo un deles sobre os desaxustes da carga de traballo.

6. A sexta pregunta estaba relacionada coa relación do persoal de administración e servizos con xerencia. A distribución dos resultados obtidos na enquisa pódese ver a continuación:



A nota media da satisfacción sería de 2,3 (escala de 1 a 5). Hai cinco comentarios a esta pregunta indicando todos eles a pouca ou nula relación con xerencia.

7. Por último, a sétima pregunta estaba relacionada coa satisfacción das actividades de formación do servizo de planificación. A distribución dos resultados obtidos na enquisa pódese ver a continuación:



A nota media da satisfacción sería de 3,1 (escala de 1 a 5). Esta pregunta é a que máis comentarios xera. As queixas son en xeral sobre a pouca realización de cursos, aínda que por distintas causas, cursos que se poidan realizar en quenda de tarde, cursos informáticos, de lexislación, de bases de datos ou en caso dos técnicos de laboratorio, cursos sobre novas técnicas de laboratorio ou para posibles promocións.

Santiago de Compostela a 13 de decembro de 2022

Mercedes Parajó Montes
Coordinadora de Calidade da Facultade de Química